

PROGRAMA  
GALEGO DE  
DETECCIÓN  
PRECOZ DO


A close-up photograph of human skin showing a dark brown mole. A magnifying glass is held over the skin, focusing on the area around the mole, symbolizing examination or detection.

*Anticiparse pode salvar vidas*

XUNTA DE GALICIA

# *Programa galego de detección precoz do cancro colorrectal*

É un programa organizado pola Consellería de Sanidade e está dirixido a homes e mulleres de 50 a 69 anos residentes en Galicia. Mediante a detección precoz conséguese diagnosticar o cancro en etapas menos avanzadas da enfermidade polo que se aumentan as posibilidades de curación. Consiste en facerse, cada dous anos e no seu domicilio, unha proba sinxela para detectar sangue oculto nas feces. Ademais, os programas de detección precoz demostraron que poden reducir o risco de desenvolver cancro de colon e recto.



I

## *Que é o cancro colorrectal?*

É un tumor maligno que aparece no intestino grosso a partir dunha lesión chamada pólico. Algúns pólicos, os chamados adenomas, son lesións premalignas que poden transformarse en cancro tras varios anos de evolución e estenderse a outras partes do corpo. Estas lesións premalignas poden extirparse evitando así que evolucionen a cancro e se xa existe un cancro pode detectarse nun estadio precoz sendo más doado o seu tratamento e más probable a súa curación. Por iso é importante facer un diagnóstico precoz.

# 2

## *Con que frecuencia aparece?*

É o tumor máis frecuente nos países desenvolvidos, ocupa o segundo lugar despois do de pulmón nos homes e o de mama nas mulleres. As persoas con historia familiar de cancro colorrectal e aquelas con enfermidades inflamatorias intestinais crónicas e/ou pólipos adenomatosos teñen máis risco de desenvolver cancro colorrectal. Independentemente destas situacións, o risco aumenta a partir dos 50 anos tanto en homes coma en mulleres.

# 3

## *Que síntomas presenta?*

O cancro colorrectal non adoita causar ningunha molestia ata que o cancro está moi avanzado. O cancro nas súas fases iniciais e os adenomas poden sangrar de modo intermitente sen producir molestias. Algúns síntomas que se identificaron como más frecuentes cando hai un cancro colorrectal son: cambios de hábito intestinal (xa sexa en forma de diarrea ou estrinximento) de varias semanas de duración e emisión de sangue polo recto sen molestias anais ou asociada a cambios de hábito intestinal.

Se vostede ten algún destes síntomas, fale co seu médico. Na maioría das ocasións non será debido a un cancro. Non obstante, para determinar a causa dos síntomas, o médico avalia o historial persoal e familiar, realiza un exame físico do paciente e pode ordenar algunas probas diagnósticas (análise, colonoscopia).

# 4

## *Que pode facer vostede para evitar que aparezca o cancro colorrectal?*

- Aumentar o consumo de froita e verdura
- Limitar o consumo de graxas de orixe animal
- Facer exercicio físico regularmente
- Evitar a obesidade
- Moderar o consumo de bebidas alcohólicas
- Evitar o tabaco

Ademais destas medidas, se a súa idade está entre os 50 e os 69 anos, o Programa galego de detección precoz de cancro colorrectal ofrécelle a posibilidade de realizar unha proba de sangue oculto nas feces.



# 5

## *En que consiste a proba de sangue oculto en feces?*

Os adenomas e cancros colorrectais ás veces producen un sangrado. Mediante a proba de sangue oculto en feces inténtase detectar pequenas cantidades de sangue que non son apreciables a simple vista.

Esta proba non serve por si soa para diagnosticar un cancro colorrectal, pero os seus resultados permitirannos determinar se é necesario realizar unha exploración intestinal mediante unha colonoscopia.

# 6

## *Como pode participar?*

Se vostede está dentro do grupo de idade recibirá no seu domicilio unha carta de invitación. Se desexa participar deberá enviar por correo postal a tarxeta de aceptación que se achega e enviarémoslle á casa o material necesario e as instrucións para recoller a mostra de feces. Unha vez recollida a mostra debe entregala no seu centro de Atención Primaria. Nunhas semanas comunicarémoslle o resultado por teléfono ou por carta.



# 7

## Cales son os posibles resultados da proba e como se comunican?

Se na proba non se detecta sangue nas feces recibirá unha carta no seu domicilio co resultado negativo. Isto sucedelles a 932 persoas de cada 1.000 que realizan a proba. Este resultado negativo quere dicir que é pouco probable que teña cancro de colon no momento actual pero debe saber que esta proba non é 100% exacta, polo que se nota algúns síntomas debe acudir ao seu médico. Pasados dous anos recibirá una invitación por carta para realizar a proba de novo.

En 68 persoas de cada 1.000 que realizan a proba detéctase que hai indicios de sangue nas feces e deben realizar unha colonoscopia para coñecer a orixe do sangrado. Se este é o seu caso, recibirá unha carta cunha cita no seu centro de saúde, onde o seu médico, tras unha consulta, lle dará a información que necesite sobre a colonoscopia e confirmará que non existe ningún impedimento para a súa realización.

Nunha porcentaxe mínima de casos non é posible obter un resultado. Se isto acontece enviaráselle de novo a proba ao seu domicilio dado que a causa máis frecuente deste resultado é que non se recollese ben a mostra. É importante seguir correctamente as instrucións.



# 8

## Que é unha colonoscopia?

É unha exploración do interior do intestino que se realiza cun tubo flexible que entra ao colon e recto a través do ano. Realízase nun hospital da rede do Servizo Galego de Saúde e con sedación para que a proba non sexa dolorosa. Se durante a realización da colonoscopia se detecta algúun pólipo, case sempre será posible quitalo co que se evita a progresión daquelas lesións que poderían derivar nun cancro de colon ou recto. Se na exploración se detecta un cancro e o tamaño e tipo de lesión o permiten, procederase á súa extirpación nese momento e só se precisarán revisións posteriores. No caso contrario, o cancro poderá ser operado tendo en conta que o feito de telo detectado precozmente mellorará o prognóstico e aumentarán as posibilidades de curación.


De cada 1.000 persoas que realizan a proba de detección de sangue oculto en feces, 43 terán adenomas premalignos. Só nuns poucos casos, aproximadamente en 3 persoas de cada 1.000 que fagan a proba, se detectará un cancro de colon ou recto.

# 9

## Como podo contactar co Programa?

Pode contactar co Programa a través do seguinte enderezo electrónico:

[infocolon@sergas.es](mailto:infocolon@sergas.es)



PROGRAMA  
GALEGO DE  
DETECCIÓN  
PRECOZ DO  
CANCRO  
COLORRECTAL

Consellería de Sanidade  
Edificio administrativo San Lázaro, s/n  
15703 Santiago de Compostela  
[infocolon@sergas.es](mailto:infocolon@sergas.es)

g<sup>a</sup>licia

